

# A Feroz AFTERPARTY





## A FEROZ

O motor d'A Feroz é dar contexto e vía ao noso amor.

Amor. Amor pola verdade, polos proxectos honestos, por contar dende as tripas o que nos sucede, pola mestura de artes, de disciplinas, de ciencias, de corpos e de miradas.

Esta compañía nace coa vontade clara de trascender xuntos as nosas barreiras persoais para poñer en común en escena as preguntas e todas as posibles respuestas.

Nacemos á vida como promesa. Todo o que temos queda depositado aí, na posibilidade infinita chegar a ser todo o que se pode ser a través da arte.

## AFTERPARTY

*Tiñan a festa preparada, dicían. Era para ti.*

*Esfórzaste. Merécela. A que che están montando vai ser de traca. Hai de todo. E gratis. Sae Coca-Cola das billas e non se sofre. A festa non é para calquera. Ti non es calquera. Es primeiro mundo ti! Está todo previsto. Estancha a preparar a força de levantarse ás sete seis días á semana, corenta e oito semanas ao ano, ano tras ano. Todo para ti, para que disfrutes, teñas o que non tiveron, para que chegues a onde non chegaron.*

*Dende 1975 xuróusemos cada 22 de xuño que se as notas non baixaban o ano seguinte, se non nos metiamos en drogas e non nos xuntabamos con malas compañías estaba todo feito. Que o que nos agardaba era a ostia, todo a estrear, novo de paquete, con acabados de luxe.*

*Mais non é.*

*Pero agora chegamos e, xa que estamos aquí, ímola montar.*

AFTERPARTY é unha festa, un artefacto escénico no que a letra, a música, o espazo e o corpo medran á vez nun proceso de creación interdisciplinar. Unha peza que fala da decepción, do empeño na felicidade e das preguntas que se fai unha xeración que ten a sospeita de que chegou tarde a todo.

Os arquitectos Ávaro G. Mallo e Cecilia Castro xunto co músico Manuel Abraldes e a bailarina Fiona B. McCuddenn constrúen un espazo emocional no que do espírito do lixo, do exceso posmoderno, do Estudio 54 ás 11 da mañá, dos restos das vodas de Canaan o elenco edifica a súa celebración, a súa próxima vida, a existencia que se deben, esa festa que se nos debe.

AFTERPARTY estreouse o 9 de febreiro de 2018 no Salón Teatro de Santiago de Compostela dentro do programa *En Residencia* do Centro Dramático Galego.









# AFTERPARTY

Elenco: Inés Salvado / Lolo Castro /  
Bea Romero / Gustavo Freire

Texto e dramaturxia: Lorena Conde

Dirección: Lorena Conde

Vestiario: A Feroz

Espazo sonoro: Manuel Abraldes

Escenografía: Álvaro Lg. Mallo / Cecilia Castro dos Santos

Asesoría de movemento: Fiona B. McCudden

Iluminación: A Feroz

Fotografía: Tamara de la Fuente / Rubén Prieto

Producción: Bea Romero / Gustavo Freire

Distribución: A Feroz

[aferoz.gal](http://aferoz.gal)

aferozferoz@gmail.com

636 653 019 [Lorena Conde]

658 550 738 [Inés Salvado]

